



## Concello de Mazaricos

---

*Asunto: Selección de UN peón de mantemento de vías para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais (GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO)*

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), destinada á contratación de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías.

Redactadas as bases que rexerán a convocatoria e o proceso de selección para a contratación laboral-temporal de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías integrante da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Mazaricos.

#### **Pola presente, RESOLVO:**

**Primeiro.-** Convocar o procedemento público para proceder a selección de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

**Segundo.-** Aprobar as Bases que rexerán a contratación, mediante oposición, do posto de referencia en réxime de contrato laboral temporal. A modalidade será a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Disposición final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro – código 405) incorporando as cláusulas específicas de interese social.

**Terceiro.-** Dar traslado ó departamento económico e de contabilidade, á intervención, e o Pleno Corporativo na primeira sesión que celebre.

**Cuarto.-** Publicar a convocatoria na sede electrónica do Concello de Mazaricos.

**Quinto.-** Solicitar a correspondente oferta de emprego ó Servizo Público de Emprego.